

O primeiro confinamento e o peche da fronteira con Portugal provocou unha perda de facturación de máis de 92 millóns de euros en comercio e hostalería no Miño

A principal conclusión do estudo do impacto socioeconómico encargado polo AECT Río Miño ao doutor en Economía da Universidade de Vigo, Xavier Covas, é que o primeiro confinamento e o peche da fronteira entre Pontevedra e Portugal na primeira vaga da pandemia, entre o 17 de marzo e o 30 de xuño de 2020, provocou unha perda de facturación de máis de 92 millóns de euros nos 26 concellos do territorio transfronteirizo do Miño. Covas tamén destacou que o perxuízo económico do actual peche será aínda moito maior.

Xunto ao vicedirector e deputado de Cooperación Transfronteiriza, Covas presentou hoxe o estudo do impacto socioeconómico aos alcaldes e alcaldesas que conforman o Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Río Miño (AECT Miño), que levan reivindicando dende hai un mes que se abran todos os pasos fronteirizos con Portugal polo dano que produce na economía. O traballo da UVigo confirmou as teses e para criticar o que consideran unha decisión inxusta para as persoas traballadoras e a economía do territorio miñoto e inútil para o control da pandemia.

Un estudo do impacto socioeconómico do AECT Rio Miño realizado polo profesor Xavier Covas na UVigo reflexa que o efecto fronteira engadiu un perxuízo sobre o da COVID dun 12% e dun 19% respectivamente

O estudo do impacto socioeconómico dá varios datos demoledores sobre o sufrimento da economía nas dúas beiras do Miño, cun impacto na perda de facturación só no comercio e a hostalería (os sectores máis afectados) de 92 millóns de euros –equivalente a 23 millóns de euros de Valón Engadido Bruto-, segundo os datos oficiais facilitados polos gobernos centrais. Tamén se detectaron valores importantes de impacto no transporte e no sector inmobiliario, así como no ámbito fabril.

Segundo destacou o profesor Covas, todos estes ámbitos sufriron, ademais da baixada de facturación pola pandemia, o efecto fronteira aumentando a perda de facturación nun 12% no comercio e nun 19% en hostalería e restauración a engadir á caída de ingresos de calquera outro negocio noutra ubicación, simplemente polo feito de que as persoas consumidoras non podían acceder dende o outro lado da 'raia'.

Outra das cifras que se puxo sobre a mesa o estudo do impacto socioeconómico foi o número de horas de traballo perdidas pola espera no paso de Tui-Valença. Atendendo a un tempo medio de agarda de 15 minutos na ida e outros 15 na volta (cifra moi

conservadora por detectarse largas colas de horas diariamente), e sabendo que no primeiro peche pasaron polo control 356.000 persoas, a economía da zona perdeu 180.000 horas efectivas. A estas, non estando contabilizadas, habería que sumar o tempo que as persoas traballadoras perderon tamén nos rodeos de centros de quilómetros por non estar habilitados controis en todas as pontes.

O vicedirector do AECT Río Miño, esixe unha compensación económica ao territorio miñoto “porque o mal xa está feito” e anuncia a creación dun rexistro de persoas afectadas para as reclamacións.

O peche de fronteira, explicou Covas, afectou segundo os seus cálculos, a unas 25.000 persoas en toda a [eurorexión de Galiza-Norte de Portugal](#) e a 10.000 dentro dos distritos de Pontevedra-Viana do Castelo, ben por ser persoas que viven e traballan en ambos dous lados da fronteira, porque viven nun lado e traballan na outra marxe, ou porque non tendo relación coa zona as empresas operan en todo o territorio e obrigan ao desprazamento.

En canto á repercusión do último peche de fronteiras instaurado dende principios de ano, Covas quixo ser tallante e subliñou que afectará de maneira moito máis negativa á economía, posto que no primeiro confinamento a actividade

económica estaba prácticamente parada mentres que agora hai un maior índice de actividade. Así mesmo, o profesor subliñou que o actual peche dos pasos “*é redundante e inútil*” porque as persoas que van pasar a fronteira son as mesmas, só as autorizadas.

Rexistro para indemnizacións

Subliñou que como primeira medida o AECT presentará alegacións ao [programa operativo POCTEP 2021-2027](#) que está en fase de exposición pública e que, pese a ter como obxecto inxectar fondos nas fronteiras, “*está deturpando os seus obxectivos destinando fondos a zonas non fronteirizas*”. Solicitou, pois, que se garanta que os fondos se destinen ás zonas de raia e se creen partidas específicas para a zona do Miño.

Por outra parte, anunciou a creación dun [rexistro de persoas afectadas polo peche da fronteira](#) que se xestionará a través do AECT e de todos os concellos implicados nunha oficina conxunta co fin de proceder á tramitación de posibles indemnizacións. “*Queremos poñerlle cara a esta situación, facer un cómputo, porque as persoas traballadoras transfronteirizas están a perder entre 200 e 300 euros só en combustible polos desprazamentos ao non ter todos os pasos da fronteira abertos*”, explicou.

Así mesmo, presentárase unha moción nos 26 concellos para ter o refrendo democrático e reivindicar ante todas as institucións tanto a apertura inmediata dos pasos como as compensacións económicas polo peche.

Para exemplificar o problema da fronteira, Benítez fixo a comparación do peche dos pasos con Portugal cun un posible peche da ponte de Rande para a economía galega. *“O que estamos a vivir no Miño é como se para controlar a pandemia entre Pontevedra e Vigo pecharan a ponte de Rande e mandan a todas as persoas e mercadorías por Ponte Sampaio cun único control. Os que poden pasar, pasarán igual, pero sufrindo colas, rodeos e perdas de tempo”*, destacou.

Finalmente, o deputado e vicedirector do AECT lembrou que, á fin de facilitar o control de persoas transfronteirizas, é urxente a creación dunha [tarxeta cidadá transfronteiriza](#) para que nos controis haxa axilidade e non sexa preciso a comprobación de todos os papeis da documentación.

O AECT elevará á Comisión

Europea a situación de desamparo das persoas traballadoras transfronteirizas do Miño polo peche da fronteira

Segundo explica o vicedirector do AECT Rio Miño, unha das decisións da reunión dos 26 alcaldes e alcaldesas foi elevar á Comisión Europea a situación de desamparo das persoas traballadoras transfronteirizas e das empresas, xa que a do Miño é a fronteira máis dinámica de toda Europa e un peche como o existente *“non se dá noutros territorios”*. *“Imos remitir un comunicado e pedir auxilio para que interceda ante os estados”*, enfatizou.

Xestionarase unha nova reunión urxente co goberno portugués por unha *“fronteira aberta xa na súa totalidade e con horario pleno”*

“Fronteira aberta xa na súa totalidade e con horario pleno” é a reivindicación na que as alcaldesas e alcaldes do territorio miñoto insistiron hoxe convocados polo AECT Rio Miño e pola que decidiron endurecer as súas accións: continuarán dando pasos pola vía institucional ante a Unión Europea e o ministro de Administración Interna de Portugal, pero tamén organizarán

novas accións simbólicas de mobilización social para chamar a atención dun territorio que se sinte afogado e tamén “ninguneado” polos gobernos de Madrid e Lisboa.

Tamén se manterán novos contactos co ministro de Administración Interna de Portugal, [Eduardo Cabrita](#), a quen se lle instará a revocar a situación actual nunha reunión convocada de urxencia, xa que ata o de agora o país veciño foi o que amosou as maiores reticencias á apertura de novos pasos autorizados na ‘raia’.

Nos vindeiros días haberá máis accións simbólicas de protesta “*intentando conter o ánimo exaltado*” de empresas e persoal

Esas medidas institucionais terán acompañamento tamén en novas accións simbólicas de protesta e mobilización social. “*Os ánimos das empresas, transportistas e persoas traballadoras transfronteirizas están moi exaltados, e dende o AECT estaremos mediando ante medidas máis drásticas e contendo o malestar, pero amosaremos con claridade que a este territorio do Miño non se lle pode ningunear porque iso só produce máis cabreo e indignación entre a cidadanía*”, subliñou o nacionalista.

“Hai máis de 6.000 traballadores afectados que teñen un custe en tempo e diñeiro para acceder aos seus postos”

O AECT reclamará compensacións económicas para as persoas traballadoras transfronteirizas que están afectadas polo peche. *“Non só hai custes de combustible, senón tamén de tempo. Hai persoas que saen unha hora antes para ir ao seu traballo e, ao estar dúas horas no paso da fronteira, chegan tarde e deben recuperar esas horas perdidas quedando ao rematar a xornada nos seus postos... Iso ten un custe non só económico senón tamén anímico. E xa que non se pode compensar polos problemas psicolóxicos, alomenos polos económicos”,* insistiu.

O vicedirector subliñou que hai unha profunda indignación e incompreensión nos alcaldes e alcaldesas do territorio miñoto *“ante esta decisión dos estados que non escoitan ao territorio e non escoitan a problemática que existe na fronteira máis dinámica e máis poboada e máis relacións sociais entre España e Portugal e unha das máis dinámicas de Europa. Non entenden esta realidade e non fixeron caso ás nosas reivindicacións de abrir os pasos cos controis sanitarios necesarios. Hai máis de 6.000 traballadores afectados que teñen un custe en tempo e diñeiro para acceder aos seus postos”,* insistiu.

Finalmente, Benítez fixo fincapé no ofrecemento de colaboración dos concellos dunha e outra ribeira para a loxística da reapertura dos pasos. Reclamou tamén unha maior coordinación entre os estados e entre estes e os municipios afectados, criticando que moitos alcaldes e alcaldesas se

enteraron das últimas modificacións dos pasos pola publicación do boletín portugués en lugar de por unha comunicación oficial directa.

“Fronteira aberta xa na súa totalidade e con horario pleno”.

“Queremos a apertura de todos os pasos 24 horas cos controis sanitarios necesarios e só para as persoas que están autorizadas, traballadoras, transportistas... Non queremos que pase ninguén máis das persoas que deben”, insistiu.

Audio – O AECT elevará á Comisión Europea a situación de desamparo das persoas traballadoras transfronteirizas do Miño polo peche da fronteira

Outras novas relacionadas:

- O AECT Miño considera “insuficientes” as medidas de apertura da fronteira con Portugal e incrementará as protestas
 - Os concellos miñotos, coa máxima expectativa ante a posibilidade de apertura de máis pasos na fronteira con Portugal
 - “Abran a fronteira, poñan controis en todos os pasos e deixen pasar ás persoas traballadoras”
 - Os concellos da Raia instan a Madrid e Lisboa e á Xunta á “reapertura urxente” de todos os pasos da fronteira para persoas traballadoras nun comunicado oficial
-

O AECT Miño considera “insuficientes” as medidas de apertura da fronteira con Portugal e incrementará as protestas

Os 26 municipios pontevedreses e portugueses do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial [AECT Río Miño](#) veñen de convocar para este luns unha nova reunión con carácter urxente para analizar o que clasifican de “*total e persistente descoñecemento*” dos gobernos centrais de Madrid e Lisboa sobre

a realidade do territorio miñoto, o de maior circulación de toda a fronteira ibérica. A intención do encontro, segundo apunta o vicedirector Uxío Benítez, é avanzar con novas accións de protesta en prol da defensa dos intereses das traballadoras e dos traballadores transfronteirizos e de transportes de mercadorías, así como das moitas empresas afectadas *“polo calvario diario de afunilamento no paso de Tui-Valença”*.

Este encontro entre os alcaldes e alcaldesas do AECT Río Miño xorde tras publicación do despacho polo Ministerio da Administración Interna do Goberno de Portugal que mantén a Ponte Internacional de [Tui-Valença](#) como o único punto de paso autorizado durante 24 horas, coa novidade da apertura parcial da ponte [Arbo-Melgaço](#), tres horas no período da mañá e tres horas no período da tarde, ampliando ese mesmo horario parcial en [Salvaterra-Monção](#).

As e os mandatarios de ambas as marxes do río Miño asumen de maneira unánime as dificultades froito da pandemia Covid-19 e a necesidade dunha actuación eficaz para o seu combate. Sen embargo, subliñan que a apertura da fronteira, de todos os pasos *“en nada contradí o obxectivo de salvaguardar a saúde pública”*.

“Este cambio nos pasos autorizados polo despacho é ‘lanzar area aos ollos’ dos alcaldes e alcaldesas e das súas poboacións, pois non satisfai en absoluto as pretensións anteriormente expostas, alén de manter o calvário de afunilamento de tránsito en Valença-Tui e de reiterar a indisponibilidade do Goberno de soportar os custos demáis puntos de paso autorizados controlados, querendotraspor para os traballadores grande parte desa carga”, subliña Benítez, que engade que só se pretende facilitar o tránsito ás persoas

autorizadas.

O vicedirector da AECT anuncia unha reunión urxente dos concellos miñotos para o vindeiro luns na que se decidirán [novas medidas de presión](#)

Benítez destacou que non hai razón obxectivas para non abrir todos os pasos *“senón só razóns cicateiras que toman gobernos dende a lonxanía e sen coñecemento”*, polo que pediu un *“esforzo superior”* a Madrid e a Lisboa tanto en comprensión da realidade da fronteira miñota como á hora de dotar de medios os controis dos puntos de pasaxe autorizada.

Neste sentido, lembrou que a ponte de [Tomiño–Vila Nova de Cerveira](#) -que polo de agora permanecerá pechada tralos últimos cambios- é a 5ª con máis movemento de vehículos das 64 de toda a raia entre España e Portugal. Citou que nas inmediacións deste viaduto sitúase o parque empresarial de Cerveira, con 4.300 persoas traballadoras das que máis dun milleiro son galegas. *“Hai unha relación comercial umbilical entre unha e outra beira. Tui-Valença está a 16 quilómetros e A Guarda a 27 quilómetros. O paso a través da ponte da Amizade recurtaría as distancias acumuladas que todo o persoal laboral ten que percorrer de maneira obrigada”*, subliñou.

Non abrir todos os pasos é un castigo para exercer a súa actividade laboral aos milleiros de traballadores e traballadoras.

“Non abrir todos os pasos é un castigo para exercer a súa actividade laboral aos milleiros de traballadores e traballadoras que son considerados esenciais para a dinámica económica de ambos países”, insistiu o nacionalista, que destacou que a situación está a crear unha “enorme preocupación e inquietude tanto nos alcaldes, alcaldesas e presidentes de cámara como nos empresarios da zona e no transporte de mercadorías”.

Apuntou que tras coñecerse a decisión do Ministerio da Administración Interna de Portugal, os municipios da fronteira xa recibiron un importante número de emails de traballadoras e traballadores transfronteirizos e de empresarios de grandes empresas *“para compartir o relatorio da súa situación, desgastado e aflitivo a nivel persoal, económico e profesional por ter que percorrer decenas de quilómetros de rodeos”.*

“Unha vez máis, as poboacións da raia miñota están a ser tratadas como o ‘parente pobre’ polos Gobernos de Portugal e España”, finalizou Benítez.

Audio – O AECT Miño considera “insuficientes” as medidas de apertura da fronteira:

O AECT Río Miño crea o mapa COVIDMiño interactivo para informar de maneira conxunta da evolución da Covid-19 nos concellos transfronteirizos

Mentres a situación dos pasos na fronteira segue sen solucionarse, o AECT Río Miño vén de habilitar na súa web smartminho.eu un mapa [COVIDMiño](#) interactivo, que permitirá á cidadanía coñecer de maneira conxunta a evolución da pandemia nos 26 municipios galegos e portugueses que forman parte do territorio miñoto. Esta ferramenta inclúe a situación epidemiolóxica de cada un dos concellos (número de casos novos diagnosticados e incidencia acumulada, entre outros), así como información útil para combater a propagación da enfermidade e as medidas que os respectivos gobernos aplican en ambos lados da fronteira.

A novidade do [mapa COVIDMiño interactivo](#), impulsado pola Deputación de Pontevedra a través do Departamento de Cooperación Transfronteiriza dirixido por Uxío Benítez, radica en que ofrece os datos do territorio miñoto nunha mesma web en lugar de ter que consultar as diferentes páxinas de información sanitaria galega e portuguesa. Ademais, tamén permite comparar de maneira intuitiva as situacións epidemiolóxicas en ambas ribeiras, xa que aplica unha mesma escala de cores ás incidencias acumuladas de cada municipio fronte aos diferentes parámetros utilizados na Galiza (que só aplica unha cor encarnada forte por encima dos 250 casos sen máis gradación) e en Portugal. Pasando o rato por cada concello despréganse máis datos referidos a cada municipio.

O [mapa COVIDMiño interactivo](#) permite comparar de maneira intuitiva a incidencia do virus en ambas marxes do río cunha escala de cores propia fronte aos diferentes parámetros utilizados en Galiza e Portugal

Este mapa xurde nun momento no que a poboación precisa de información veraz sobre a complicada situación provocada ante o espallamento do virus e sobre as distintas medidas que se están a aplicar a ambos lados da raia. Segundo destaca Uxío Benítez, o [COVIDMiño](#) pretende facilitar o coñecemento e datos veraces da pandemia a toda a cidadanía que ten que moverse no territorio miñoto ben por cuestións laborais ou familiares. “Precísase información unificada”, dixo.

No día de hoxe, a incidencia acumulada máis baixa é a do concello de Arbo (menor de 240), seguida por A Guarda e O Rosal (entre 240 e 480), continuada por Covelo, Pontearreas, Salvaterra, Salceda, Porriño, Tomiño, Oia, Tui, As Neves, Viana e Ponte da Barca (con entre 480 e 960), e finalmente en situación extrema (máis de 960 casos por 100.000 habitantes) por Covelo, A Cañiza, Crecente, Melgaço, Monçao, Valença, Vila Nova de Cerveira, Caminha, P. Coura, Arcos de Valdevez, e Ponte de Lima.

Sempre en base a fontes oficiais [Sergas](#) e [Unidade Local de Saúde do Alto Minho \(ULSAM\)](#), [mapa COVIDMiño interactivo](#) achega tamén as diferentes medidas decretadas polos respectivos gobernos sobre cuestións como a mobilidade laboral e peches perimetrais, réxime de apertura de hostalaría e restauración, educación e situación escolar, comercio e outras consideracións socio-sanitarias co obxecto de manter informada ás persoas que viven ou traballan a ambas marxes do río.

Recapacitación e apertura dos pasos fronteira

O vicedirector do AECT Río Miño, Uxío Benítez, manifestou hoxe que os concellos pertencentes ao agrupamento seguen “expectantes” e “vixiantes” ante o que suceda nos próximos días sobre a solicitude de apertura de todos os pasos da fronteira.

O nacionalista subliñou que polo momento a única novidade foi o que saíu hoxe publicado no BOE, unha prórroga ata o un de marzo do peche de fronteiras, cuestión “que nós xa pensabamos que ía acontecer pola información que tiñamos”. Destacou que en Portugal aínda non se publicou oficialmente aínda que se fará de maneira próxima.

Os concellos da raia seguen “á expectativa” de que se anuncie a apertura da totalidade dos pasos na fronteira para persoas traballadoras

“O que nos consta é que os gobernos están negociando para ver que pasos fronteirizos van manter para o paso das persoas traballadoras. Nese sentido nós queremos ser optimistas e entendemos que as nosas reclamacións e as nosas protestas tiveron eco sobre todo no lugar onde eran máis reacios, no goberno portugués, polas declaracións do ministro de Administración Interna. Entendemos e agardamos que vai haber unha recapacitación na decisión tomada hai 15 días” e a apertura de máis pasos transfronteirizos, dixo Benítez, quen salientou que de non acontecer así alcaldes e alcaldesas e presidentes de cámara do territorio miñoto volverán reunirse e tomarán medidas ao respecto.

Os concellos miñotos, coa máxima expectativa ante a posibilidade de apertura de máis pasos na fronteira con Portugal

O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial AECT Rio Miño manifestou hoxe que os concellos miñotos manteñen a “máxima expectativa” ante a posibilidade de apertura de máis pasos na fronteira con Portugal, unha medida que poderá ser concretada nos vindeiros días e que o ministro de Administración Interna de Portugal Eduardo Cabrita deixou aberta nunhas declaracións públicas.

O vicedirector do AECT explicou que os presidentes de cámara portugueses mantiveron contactos informais co goberno central portugués, o máis ríxido á hora de manter o peche da raia, e salientou que *“a pesar de non recibir información oficial, satisfacen as declaracións dadas por Eduardo Cabrita, que deixou en aberto a posibilidade de alterar horarios nas fronteiras terrestres ou o número de postos de paso obrigatoria”*.

O vicedirector do AECT acolleu con satisfacción a dispoñibilidade do ministro portugués de Administración Interna de modificar horarios e número de controis.

“Os concellos miñotos de Pontevedra e do Alto Minho agardan con moita expetativa que, nos próximos días, sexa anunciado o reverso total da medida actualmente en vigor relativamente ao peche das fronteiras, de forma que sirva aos reais e necesarios intereses das traballadoras e dos traballadores transfronteirizos, así como dos transportes de mercadorías”, subliñou.

É preciso a apertura de máis pasos e que se habiliten controis de maneira continua (24h) posto que, segundo subliñou, os horarios das empresas e do persoal laboral dunha e doutra beira do río son moi variados. Lembrou que o actual paso de [Salvaterra](#), só aberto dúas horas pola mañá e dúas pola tarde, non supón ningún beneficio para traballadoras e traballadores, xa que ao traballar en quendas vense igualmente obrigados a cruzar o río a través do único paso autorizado de Tui por non coincidir os horarios.

O vicedirector do AECT tamén subliñou a necesidade de “reverter totalmente” o actual peche da raia e

considerar os horarios de empresas á hora de establecer franxas autorizadas

Benítez amosou a súa confianza en que a parte do goberno portugués reconsidere a situación, e lembrou que na parte española, oficialmente, o delegado do Goberno manifestou a súa disposición a abrir os pasos necesarios, mais sempre mediante un acordo diplomático cos mandatarios lusos. *“Agardemos que o erro non se siga a manter”*, subliñou.

A fronteira entre Pontevedra e o Alto Minho portugués ten 70 quilómetros, sendo o 5% dos 1.200 quilómetros de toda a raia ibérica, sen embargo asume o 50% de todo o tránsito de vehículos entre España e Portugal polas seis pontes sobre o Miño. Hai contabilizados arredor de 6.000 traballadores transfronteirizos que deben cruzar a fronteira diariamente.

O pasado xoves, [alcaldes e alcaldesas da raia protestaron polo actual peche de fronteiras e lanzaron un SOS](#). Aseguraron que se está a castigar aos traballadores e traballadoras transfronteirizos ao manter só un único paso aberto (o da ponte internacional de Tui), gastando cartos en combustible e tempo dando rodeos de ducias de quilómetros para acudir aos seus postos laborais, porque os gobernos centrais non poñen máis controis (guardas portugueses e garda civil) nos demais postos da fronteira.

“Abran a fronteira, poñan controis en todos os pasos e deixen pasar ás persoas traballadoras”

Alcaldesas, alcaldes e presidentes de cámara do territorio transfronteirizo do río Miño concentráronse hoxe na ponte vella de [Tui](#) para protestar polo peche da fronteira con Portugal e reclamar que se abran todos os pasos existentes, sempre cos controis sanitarios necesarios, para facilitar a circulación das e dos traballadores transfronteirizos.

Coas letras de SOS manifestaron a súa indignación e cualificaron de “escándalo” que tras o acontecido na primeira vaga da pandemia se volva cometer o mesmo erro de habilitar un só paso “castigando” ao persoal laboral –o único que pode cruzar a raia- a dar rodeos quilométricos.

Alcaldesas e alcaldes da raia concentráronse na ponte vella de Tui para criticar que os gobernos de Madrid e Lisboa “cometan outra vez o mesmo erro” da primeira vaga da pandemia.

O vicedirector do [AECT Rio Miño](#), Uxío Benítez, explicou que a reivindicación de rexedores *“é unha reivindicación xusta, e por iso estamos aquí mobilizados e nos seguiremos a mobilizar o que faga falta para que entendan que esta é unha fronteira que afecta a moita xente”*, polo que pediu aos gobernos centrais que fagan o mesmo que fixeron na primeira vaga da pandemia, cando despois de tres mobilizacións de alcaldesas e alcaldes nas pontes do Miño se abriron todos os pasos na ‘raia’. *“Esperemos que non teñamos que facer outras tres mobilizacións, e que con este chamamento público que facemos a Madrid e Lisboa poidan entender o que pasa nesta fronteira e abrir o resto dos pasos fronteirizos”*, insistiu.

Para o conxunto de mandatarios dese territorio *“é un auténtico escándalo”* que despois do acontecido se volva a cometer exactamente o mesmo erro, que é deixar un único paso fronteirizo nunha fronteira que -aínda que só é o 5 % dos 1.200 quilómetros de fronteira entre España e Portugal (70)-, representa o 50 % dos vehículos que pasan.

“Esta é unha fronteira dinámica, na que hai moitas relacións

laborais, económicas, empresariais. Hai moita mobilidade porque hai esa vida e esa economía que flúe a través da fronteira... Pois toman a decisión de deixar un só paso en Tui Valença na ponte nova”, apuntou Benítez con insistencia.

Como consecuencia práctica, destacou o nacionalista, as persoas cidadás traballadoras transfronteirizas deben percorrer distancias quilométricas e dar rodeos “*para ir facer o único que agora se pode ir facer, que é ir aos postos de traballo*”. “Tal como está a situación económica agora mesmo, que os estados decidan por non poñer gardas, por economizar ese gas, trasladar ese gasto ás e aos traballadores parécenos un escándalo”, finalizou.



Pola súa parte, o director do [AECT](#) e presidente de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, pediu aos gobernos centrais que *“deixen de castigar aos traballadores”*, insistindo en que os agrupamentos e filas de vehículos en quilómetros de espera *“poder eventualmente potenciar os contaxios”*.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, apelou tamén á sensibilidade estatal para mudar de xeito radical a súa política de peche de fronteiras, que non atende á realidade do territorio miñoto, segundo o seu punto de vista, *“por ver os problemas desde a centralidade sen ser conscientes das peculiaridades de cada territorio”*.

O presidente de [Valença](#), Manuel Lopes, destacou, así mesmo, que o peche das fronteiras foi nada máis que unha medida “simbólica”, xa que agora pasan pola fronteira exactamente o mesmo número de persoas de aquelas que xa pasaban antes: traballadores debidamente acreditados e o transporte de mercadorías. *“Estes acaban por facer milleiros de quilómetros de máis a fin de mes e gastan o soldo nos depósitos de gasolina. Case non compensa vir traballar a ambos lados. Ao final o rendemento queda no combustible e nas horas de traslado. O peche dos pasos é unha medida que se está a probar errada”*, dixo.



O Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Rio Miño comprende 400.000 habitantes de 26 municipios, 16 galegos do sur da provincia de Pontevedra e 10 da rexión do Alto Minho no norte de Portugal, tendo contabilizados uns 6.000 traballadores e traballadoras transfronteirizos. Na protesta de hoxe (aprobadada por unanimidade en assemblea o pasado luns) participaron os mandatarios con dispoñibilidade e non confinados: seis presidentes de cámara portugueses e outros nove alcaldes e alcaldesas da parte pontevedresa.

Prohibido o paso na fronteira incluso para a protesta simbólica

Unha demostración do peche férreo da fronteira entre ambas partes produciuse no inicio da protesta. O acto comezou ás 10 da mañá cando as e os rexedores de ambas partes saíron camiñando dos respectivos extremos da ponte vella sobre o Miño coa intención de reunirse simbolicamente no medio da infraestrutura para representar a necesidade de unión de ambas partes da fronteira.

Non obstante, o encontro non foi posible. As forzas do orde impediron a escenificación e, a pesares de que se explicou que se trataba dun acto simbólico, obrigaron a manter unha separación duns 20 metros entre os mandatarios galegos e os portugueses facendo imposible a fotografía conxunta.

Finalmente, para salvar o pequeno treito que os separaba, os representantes portugueses volveron cara territorio luso, colleron os seus coches, pasaron oficialmente polo control de fronteira na ponte da autopista (a un quilómetro), cruzaron a Galicia e seguiron cara ao extremo da ponte vella en Tui. Unha vez alí, todas as alcaldesas, alcaldes e presidentes dun lado e outro do Miño realizaron a fotografía conxunta para reclamar a unión do territorio.



Os concellos do AECT Miño reúnense para decidir actuacións sobre o peche da fronteira con Portugal

Os concellos pontevedreses e portugueses da fronteira do Miño reuníranse a última hora de hoxe para decidir actuacións e medidas a tomar sobre o [peche da fronteira con Portugal](#). Así o confirmou o vicedirector do AECT Rio Miño Uxío Benítez, quen adiantou o grande malestar de todos os municipios, que esixen a apertura de todos os pasos da raia para evitar situacións como as que esta mañá se repetiron na ponte internacional de Tui, con colas de máis de dous quilómetros de lonxitude, revivindo a problemática do anterior confinamento para as traballadoras e traballadores transfronteirizos.

A reunión cos concellos de ambas beiras do Miño convocouse despois do encontro mantido na mañá de hoxe entre Benítez e outros membros do AECT e o delegado do Goberno en Galicia, Javier Losada. Segundo confirmou o deputado nacionalista, o delegado manifestou a súa comprensión co malestar dos concellos da raia' e comprometeuse a elevar ao Ministerio de Exteriores a petición de abrir todos os pasos na provincia, así como a poñer a disposición todos os medios e persoal das forzas do orde estatais para habilitar máis controis onde foran necesarios.

“Parece ser que non é un problema de medios. O que trasladou o

delegado é que o peche dos pasos é unha decisión do goberno portugués que hai que solucionar pola vía diplomática”, indicou Benítez. Subliñou que o AECT “tocará en todas as portas” precisas pola vía administrativa ata que se abran os pasos, pero non descartou outras medidas de presión, xa que –insistiu o nacionalista- hai un claro agravio para as persoas traballadoras transfronteirizas, que teñen que dar rodeos quilométricos para acudir aos seus postos de traballo polos funís dos pasos de Tui e Salvaterra.

O vicedirector Uxío Benítez trasladou hoxe o malestar ao delegado do Goberno, quen se comprometeu a levar ao Ministerio de Exteriores as actuacións sobre o peche da fronteira con Portugal e a petición de abrir todos os pasos da provincia

Benítez puxo de manifesto que segundo os datos da Delegación do Goberno, entre as oito da mañá e o mediodía, o control de fronteira para acceder a Pontevedra en Tui dende Portugal unicamente prohibiu o paso a unha decena de vehículos nos que as persoas viaxeiras non cumprían os requirimentos autorizados (ser persoa traballadora ou ter familia de primeiro grao ou dependentes a cargo, entre outras situacións). Sen embargo, o control portugués da GNR realizou unha revisión exhaustiva de toda a documentación presentada polas persoas que pretendían cruzar a fronteira, creando un tapón de grandes dimensións similar aos que diariamente se repetían no anterior peche por non admitir algúns dos xustificantes.

O vicedirector do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial 'AECT Río Miño' lembrou que "chove sobre mollado", posto que os gobernos español e portugués saben que a fronteira entre Pontevedra e Portugal, aínda que supón o 5% da lonxitude da raia, asume o 50% do tránsito de vehículo, polo que a súa realidade non é equiparable ás de Castela-León, Andalucía ou Extremadura, comunidades ás que concederon o mesmo número de pasos que a toda Galicia.

Instou, novamente, a poñer en marcha a tarxeta cidadá transfronteiriza para identificar de maneira máis áxil a todas as persoas que desenvolvan a súa vida laboral obrigadas a cruzar a fronteira.

O AECT Río Miño urxe á Xunta que execute o acordo para

activar a 'tarxeta transfronteiriza' ante o peche de Portugal

O Agrupamento Europeo de Cooperación Transfronteiriza AECT Río Miño urxiu hoxe á Xunta -en boca do seu vicedirector e deputado Uxío Benítez- que execute o acordo do Parlamento galego para activar o a 'tarxeta transfronteiriza' que facilitará o paso da raia a todas as persoas que viven ou traballan a ambos lados do río.

O nacionalista lembrou que o Parlamento aprobou por unanimidade a proposición non de lei presentada polo grupo nacionalista en reunión do 11 de decembro da [Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior sobre a tarxeta transfronteiriza](#). Entón, a Xunta comprometeuse a impulsar entre os gobernos español e portugués o estudo de fórmulas como a do carné transfronteirizo para evitar os efectos negativos das limitacións de paso na fronteira por motivos de saúde pública. Nestes momentos, a pesares dese acordo, afirma Benítez, “non se coñecen pasos para facer diso unha realidade”.

O deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez subliña que a tarxeta transfronteiriza axilizaría a vixilancia policial e sanitaria.

O deputado puxo sobre a mesa que o carné cidadá transfronteirizo permitiría unha identificación áxil e rápida nos puntos de vixilancia policial e sanitaria existentes nas fronteiras e evitaría situacións como as do anterior confinamento, cando as persoas traballadoras dun e doutro lado da fronteira estaban obrigadas a pasar por un único punto, a ponte de Tui-Valença, onde se formaba un 'tapón' de vehículos con varias horas de espera.

Benítez insistiu, de feito, en que é preciso que se manteñan abertos os seis [pasos da provincia con Portugal](#), pero “sempre con todos os controis necesarios e garantías de saúde, algo para o que a tarxeta transfronteiriza faría moito máis áxil”.

“Non podemos vivir outra vez o dobre impacto que padecemos entre os 17 de marzo e o mes de xuño coa fronteira pechada a cal e canto, ten que haber permeabilidade aínda que cos debidos controis. Non se pode complicar a vida á xente traballadora transfronteiriza”, insistiu.

O deputado lembrou unha vez máis que a fronteira de Pontevedra e Portugal é a máis dinámica social e economicamente de toda a península, xa que con 70 quilómetros dos 1.200 entre España e Portugal –só o 5%- asume o paso do 50% dos vehículos. En calquera caso, recoñeceu que as relacións transfronteirizas no territorio están suspendidas case na súa totalidade neste momento, con Galiza tamén autoconfinada por municipios e sen circulación ata o 17 de febreiro excepto para causas imprescindibles e debidamente xustificadas.

O nacionalista reivindica fondos europeos como compensación ao dobre golpe socioeconómico da COVID para o territorio do Miño.

Reivindicou que, de cara á recuperación, *“despois da tormenta, a bonanza debe chegar para todos, e os condados fronteirizos e as súas poboacións deben ser considerados por ambos os Gobernos, para non volver caer no esquecemento ”*.

Subliñou a necesidade de que os territorios transfronteirizos apliquen a figura de [ITI -Intervención Territorial Integrada-](#) para o período 2021-2027, co propósito de autorizar un programa de acción concertada para o próximo período de programación de fondos comunitarios. *“Os fondos europeos deben asignarse verdadeiramente como medida compensatoria a este dobre golpe socioeconómico que sente o territorio do Miño”*, finalizou.

O AECT Río Miño advirte de que o peche de fronteiras de Portugal non debe repetir o erro de dificultar a circulación de persoas traballadoras na Raia

O Agrupamento Europeo de Cooperación Transfronteiriza AECT Río Miño advertiu hoxe, logo de que Portugal anunciase o seu peche de fronteiras con España, que non debe repetir o erro de limitar e dificultar o paso pola raia das persoas traballadoras como aconteceu tralo confinamento de marzo. Así o manifestou o vicedirector da entidade e deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación, Uxío Benítez, quen instou a manter abertos todos os pasos nas estradas, principalmente os das Eurociudades, coas medidas de control que sexan necesarias para facilitar a circulación das persoas que viven ou traballan a ambas marxes do río.

O vicedirector do agrupamento e deputado de Cooperación Transfronteiriza Uxío Benítez insta a manter todos os pasos de estradas abertos coas medidas de control necesarias

Benítez recoñeceu que a decisión adoptada polo goberno do [peche de fronteiras de Portugal](#) pon en alerta aos concellos do territorio transfronteirizo, que dende o 17 de marzo e ata o mes de xuño viron limitado o tránsito a un único paso, Tui-Valença, creando importantes problemáticas para as persoas traballadoras transfronteirizas. Indicou, de feito, que este novo paso supón un chanzo máis na improvisación das medidas adoptadas contra a COVID-19 mais subliñou que “agardamos que aprenderan algo da situación creada na fronteira a outra vez”, lembrando que alcaldes e alcaldesas chegaran a manifestarse en varias ocasións.

Critica que a Xunta non tivera posto en marcha o carné transfronteirizo, xa que serviría para vixiar máis eficazmente o tránsito de persoas

Benítez tamén sinalou que a estas alturas da pandemia xa debería estar operativa a tarxeta de ‘cidadanía transfronteiriza’ para cando volvera haber unha situación coma esta. Lembrou que esa proposta do AECT fora levada ante o último Cumio Ibérico entre España e Portugal e tamén ante o Parlamento Galego, que a aprobou por unanimidade. “Ata o de agora a Xunta non fixo nada, e nestes momentos ese carné transfronteirizo serviría para vixiar máis eficazmente o tránsito de persoas na raia”, destacou Benítez, polo que se reduciría o impacto do peche de fronteiras de Portugal.

O deputado lembrou unha vez máis que a fronteira de Pontevedra e Portugal é a máis dinámica social e economicamente de toda a península, xa que con 70 quilómetros dos 1.200 de toda a 'raia' entre España e Portugal, un 5%, asume o pasado 50% dos vehículos.

A eurocidade Cerveira-Tomiño e a AECT Río Minho reclaman un plan de recuperación específico para o territorio transfronteirizo

Os plans de recuperación post COVID19 deben ter unha liña de apoio específica para os concellos limítrofes coa fronteira Portugal-España, xa que neles dáse un dobre impacto negativo: ao derivado da COVID19, como no resto do territorio, súmase a penalización provocada pola restauración das fronteiras para o territorio transfronteirizo. Esta é a principal conclusión da xornada de traballo mantida hoxe en Tomiño para analizar medidas de recuperación e impulso á cooperación transfronteiriza tras a crise da COVID 19, coa participación

da alcaldesa de [Tomiño](#), Sandra González, o director da [AECT Rio Minho](#), Uxío Benitez, o vicedirector desta entidade, tamén presidente da Cámara de [Vila Nova de Cerveira](#), Fernando Nogueira, xunto con directivos da AECT Galicia-Norte de Portugal e máis o Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, Jesus Gamallo.

Os responsables dos concellos de Tomiño e Vila Nova de Cerveira enfatizaron a necesidade de que as autoridades españolas e portuguesas acorden esa liña específica de apoio aos territorios de fronteira na próxima cimeira hispano-lusa.

Analizan en Tomiño as prioridades e propostas para presentar aos estados, á dirección xeral de relacións exteriores da Xunta de Galicia e á eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para o territorio transfronteirizo

Neste sentido, tanto Sandra González como Fernando Nogueira lembraron a importancia de recoñecer a singularidade da realidade educativa, socioeconómica, cultural e comercial das Eurociudades, tras *“o esforzo realizado nos últimos anos para non duplicar servizos, atendendo a criterios de eficiencia e aos principios promovidos desde a Unión Europea”*, o que se viu gravemente comprometido por un peche de fronteiras que ignorou estas situacións particulares.

Desde a AECT Rio Minho, que engloba os 26 concellos do

territorio de fronteira galego portugués do Alto e Baixo Miño, con máis de 370.000 habitantes, propúxose “*considerar os obxectivos e prioridades da Estratexia 2030 do Río Miño Transfronteirizo como base para o impulso dun Investimento Territorial Integrado (ITI)*”, un instrumento de financiación específico para o territorio fronteirizo, financiado con fondos europeos e de ambos estados, para ser xerido polas entidades locais de cooperación territorial e, en particular, pola AECT Río Minho, en colaboración coas Eurociudades e autoridades da Eurorexión. “*As Eurociudades e a AECT Río Minho amosaron a súa capacidade para detectar os problemas que sofren os veciños e veciñas do territorio fronteirizo e son as mais indicadas para a xestión da pos pandemia*”, subliñouse hoxe.



Proporase a creación dunha tarxeta cidadá transfronteiriza

para simplificar trámites e mobilidade

Entre as iniciativas dirixidas a evitar no futuro os prexuízos do peche de fronteiras, destacou a proposta da AECT Rio Minho da creación dunha tarxeta cidadá transfronteiriza que poida contribuír á simplificación de trámites e facilitar a mobilidade para os habitantes do territorio.

Finalmente, os responsables da Eurocidade Cerveira-Tomiño e os directivos da AECT destacaron a importancia do territorio transfronteirizo do Río Miño como evidencia da vitalidade tanto das relacións entre Galicia e Portugal como da vontade de asentarse unha cooperación estratéxica entre os habitantes e institucións eurorrexionais.

Os alcaldes de ambas marxes do Miño propoñen a posta en

marcha dunha 'tarxeta cidadá transfronteiriza' para evitar que se repitan os problemas do peche da fronteira con Portugal

O [AECT Rio Minho](#) propuxo hoxe a posta en marcha dunha 'tarxeta cidadá transfronteiriza'. Esta facilitaría a vida da cidadanía de ambos lados do Miño e evitaría que se repitan, entre outros, os problemas de mobilidade derivados do peche da fronteira con Portugal pola crise da COVID-19 para as persoas traballadoras. O AECT realizou esta proposta nunha comparecencia conxunta das alcaldesas, alcaldes e presidentes de câmara dos concellos do territorio miñoto na que se parabenizaron da vitoria conseguida ao terse autorizado a apertura das pontes de Arbo-Melgaço, Salvaterra-Monçao e Tomiño-Cerveira con fins laborais desde o día de hoxe, tal e como viñan reclamando con protestas durante as últimas semanas.

Segundo destacou o máximo dirixente do AECT é necesario desenvolver cara o futuro, e como iniciativa novidosa, un proxecto piloto para crear unha 'tarxeta cidadá transfronteiriza' que identifique a todas as persoas que viven no territorio *"e que facemos a nosa vida, traballo, o noso lecer indistintamente de que esteamos nun estado ou noutro"*, para que no futuro, se se volven ter que pechar as fronteiras, o peche non sexa efectivo para esa xente e se permita a mobilidade transfronteiriza *"promovendo deste xeito unha cidadanía europea real"*.

O AECT Rio Minho solicita aos governos “medidas económicas compensatorias” para reactivar o territorio miñoto con fondos europeos, estatais e rexionais

Indicou tamén que a crise do coronavirus vai traer unha crise económica importante que no territorio do Miño vai a ser dobre pola decisión de pechar as fronteiras o 17 de marzo. Por este motivo, instou ás autoridades rexionais, estatais e europeas a que instrúan os procedementos económicos necesarios para que se compense ao territorio miñoto por ter tido as fronteiras fechadas igual que se tiveran centos de anos atrás. “As autoridades teñen que compensar a estes territorios porque nos impediron relacionarnos comercial e economicamente cos veciños do lado”, destacou.

De feito, puxo sobre a mesa a demanda de que no próximo cadro de fondos comunitarios 2021-2027 se faga un [Investimento Territorial Integrado \(ITI\)](#) no río Miño e se dediquen diferentes tipos de fondos –estatais, rexionais e europeos– a facer un investimento enfocado no territorio “porque entendemos que é un territorio con moitas posibilidades de desenvolvemento socioeconómico e hai que reactivalo”. Lembrou tamén que a fronteira entre Pontevedra e Portugal “é a máis dinámica social e economicamente e non se pode permitir que estea afogada durante todos estes meses co muro de Berlín que nos puxeron aquí” e destacou que esa demanda “nos vai ocupar o tempo de aquí en diante”.

“A fronteira entre Pontevedra e Portugal é a máis dinámica social e economicamente e non se pode permitir que estea afogada durante todos estes meses”.

O AECT Rio Minho realizou estas propostas hoxe desde o medio da ponte internacional entre Arbo e Melgaço, para facer unha valoración da [apertura de pasos](#) tanto en Arbo-Melgaço, como en Salvaterra-Monçao e Cerveira-Tomiño. O director do AECT manifestou que “para nós, o AECT e os concellos, a apertura dos pasos é unha boa noticia e unha pequena vitoria do territorio do río Miño, porque conseguimos anticipar 15 días e aliviar 15 días a economía de moitas traballadoras e traballadores que poden xa pasar por estas tres pontes e non ter que dar rodeos quilométricos”.

Destacou que as protestas das alcaldesas, alcaldes e presidentes das câmaras fixeron que se puxeran de acordo dous gobernos de dous estados. *“Facemos unha valoración positiva porque conseguimos poñer no mapa o territorio e na axenda dos dous estados o problema que hai para milleiros de persoas”*, destacou, indicando que a reapertura dos pasos para as persoas traballadoras non soluciona todos os problemas. *“Temos a problemática do comercio transfronteirizo, negocios e comercios que están nun lado do río pero viven, teñen boa parte da súa clientela nos veciños e veciñas do outro lado do río, e non poden recibir ás e aos seus clientes porque non lles está permitido o paso. Iso seguiremos a reivindicalo hoxe e de cara ao futuro, poñendo propostas sobre a mesa”*, resaltou

lembrando a 'tarxeta cidadá transfronteiriza'.

Pola súa banda o alcalde de [Arbo](#), Horacio Gil, salientou tamén a vitoria de que se reabrise ao tránsito unha ponte como a do seu concello *"que tardamos tanto ás autoridades para que se construíse"*. Resaltou que agora volvéronse convencer da necesidade de reabrir entre os dous países con motivos laborais, pero destacou o seu convencemento de que se comprenda tanto en Madrid como en Lisboa *"que o fluxo debe ser o de sempre e non se volva reproducir esta situación"*.

"Facemos unha valoración positiva porque conseguimos poñer no mapa o territorio e na axenda dos dous estados o problema que hai para milleiros de persoas".

O presidente da [câmara de Melgaço](#), Manoel Batista, quixo poñer de relevo a importancia do [AECT Rio Minho](#) na consecución da reapertura dos pasos fronteirizos. Indicou que nalgún momento houbo dúbidas sobre a efectividade da institución, *"pero agora queda xa fóra de toda dúbida a súa importancia"*, pola eficacia do traballo feito na problemática da fronteira, e pola existencia dun plan estratéxico estruturado e accións concretas para o territorio.

No acto de hoxe estiveron presentes as alcaldesas de [Tomiño](#), [O Rosal](#), [Salvaterra de Miño](#), [As Neves](#), [A Guarda](#), e [Arbo](#); os presidentes de [câmara de Melgaço](#), [Cerveira](#), [Valença](#), [Monçao](#),

así como o vicepresidente de [Caminha](#).